

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DOS PREMIOS Á CALIDADE LINGÜÍSTICA DOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO (TFG) E TRABALLOS DE FIN DE MESTRADO (TFM) DA USC DO CURSO 2019-2020

LUGAR: Servizo de Normalización Lingüística da USC

DATA: 31 de outubro de 2020

HORA: 11:00 horas

ASISTENTES

- Manuel Núñez Singala, director do Servizo de Normalización Lingüística da USC, que actúa como presidenta do Xurado.
- Xusto A. Rodríguez Río, técnico do SNL da USC, que actúa como vogal
- Manuel Bermúdez Blanco, técnico do SNL da USC, que actúa como vogal
- Isabel Vaquero Quintela, técnica do SNL da USC, que actúa como secretaria do Xurado.

ACORDOS

O Xurado adoptou por unanimidade, consonte as bases do dito concurso, os seguintes acordos:

- 1 Admitir ao concurso os traballos que se relacionan no anexo 1, (modalidade b) traballos de fin de grao e proxectos de fin de carreira) e no anexo 2 (modalidade c) traballos de fin de mestrado).
- 2 Non admitir a concurso, por falta de rexistro, o TFG: *O Mariscal Pedro Pardo de Cela, a creación dun mito*, de lago Duarte Rodríguez.
- 3 Outorgar, para a modalidade dos traballos de fin de grao (TFG) os seguintes premios á calidade lingüística, dotados con 300 euros e diploma acreditativo:

a) Artes e humanidades

Vivamos como galegos: novos usos e significados de elementos lingüísticos tradicionais e innovación na linguaxe da publicidade e do comercio, de Elia Lago Pereira. TFG titorizado por Xosé Luis Regueira Fernández.

b) Ciencias

(Ex aequo)

Estudo da universalidade leptónica en desintegracións de mesóns B, de Julio Novoa Fernández, do Dobre Grao en Matemáticas e en Física. Traballo titorizado por Antonio Romero Vidal.

Adaptacións ás alteracións da parede celular en Arabidopsis thaliana, de Kai Lois Baltrusch Montero, do Grao en Bioloxía. Traballo titorizado por Javier Sampedro Jiménez.

O xurado decidiu tamén outorgar mencións para os seguintes traballos:

- *Deseño e preparación de metalaciclos de paladio*, de Raquel Diz Gil, do Grao en Química. Titorizado por José Manuel Vila Abad.

- *Localización da expresión da somatostatina C no sistema nervioso central de larvas de lamprea mariña mediante hibridación in situ*, de Raúl Cacheiro Vázquez, do Grao en Bioloxía. Titorizado por M^a Celina Rodicio Rodicio.
- *Efectos biolóxicos de novos materiais con potencial antitumoral*, de Inés de González Armejo, do Grao en Bioloxía. TFG titorizado por Fernando Domínguez Ponte.

c) Ciencias da saúde

SARS-CoV-2: Unha nova emerxencia global, de Dameá Palomares, Miguel, Grao en Farmacia. Titorizado por M^a Trinidad de Miguel Bouzas.

O xurado decidiu tamén outorgar mencións para os seguintes traballos:

- *Edulcorantes en iogures. Beneficios do emprego do xilitol*, de Lucía Díaz Méndez, do Grao en Nutrición Humana e Dietética. TFG titorizado por Ángel Cobos García
- *Oligonucleótidos antisentido en enfermidades neurolóxicas*, de Sara Sónora López, do Grao en Medicina. TFG titorizado por Miguel Gelabert González

d) Ciencias sociais e xurídicas

(Ex-aequo)

O concepto de decrecemento aplicado a dúas iniciativas innovadoras na Mariña, de Xael Geadá Geadá, do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio. Traballo titorizado por Valerià Paül Carril.

Que len as futuras mestras? Estudo sobre o perfil lector do alumnado do Grao en Mestre/a de Educación Primaria na USC de Clara Manrique Velayos, do Grao en Mestre/a de Educación Primaria. Traballo titorizado por María José Caamaño Rojo.

O xurado decidiu tamén outorgar unha mención para o traballo:

- *Cine galego e cuestión nacional. A representación do rural e a construción mediante o filme do relato nacional*, de Bruno Arias González, do Grao en Comunicación Audiovisual. Titorizado por M^a Soliña Barreiro González.

e) Enxeñaría

(Ex aequo)

Caracterización do monte do Souto (concello de Santiago de Compostela e Ames -A Coruña) para proposta de declaración como Espazo Natural de Interese Local (ENIL), de Yago Lestido Cardama, do Grao en Enxeñaría Forestal. Titorizado por Emilio V. Carral Vilariño.

Auditoría informática dos sistemas do Instituto da Lingua Galega, de José Antonio Cutrín Garabal, do Grao en Enxeñaría Informática. Titorizado por Xosé Luis Regueira Fernández e José Manuel Cotos Yáñez.

4 Outorgar, para a modalidade dos traballos de fin de mestrado (TFM), os seguintes premios á calidade lingüística, dotados con 500 euros e diploma acreditativo:

a) Arte e Humanidades

Aproximación á calidade lingüística da prensa en galego: análise manual e automática e avaliación do sistema Avalingua, de Marcos Mario Miguéns Martínez, do Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada. TFM titorizado por Pablo Gamallo Otero.

O xurado decidiu tamén outorgar mencións para os seguintes traballos:

- *A pegada da catarse popular: Sueiro Gómez de Soutomaior nunha terra alzada en Irmandades*, de Roberto Fernández Gondar, do Mestrado en Estudos Medievais. TFM titorizado por Marta Cendón Fernández.
- *Creadores de narración oral. Un manual de elaboración de contos a partir das fórmulas características da tradición galega*, de Iria Monteagudo Alonso, do Mestrado en Servizos Culturais. Titorizado por M. Xesús Nogueira Pereira.

b) Ciencias

Métricas de Einstein en grupos de Lie lorentzianos, de Tomás Otero Casal, do Mestrado Universitario en Matemáticas. Titorizado por Eduardo García Río.

c) Ciencias da Saúde

Papel de AMPK e do metabolismo nas células de glioblastoma, de Sara González Silva, do Mestrado en Investigación Biomédica. Titorizado por Rosa M^a Señaris Rodríguez e José A. Costoya Puente.

d) Ciencias Sociais e Xurídicas

(Ex aequo)

Propostas para o aproveitamento do ordenador na aula de matemáticas en 2º da ESO, de Xabier Valle Regueiro, do Mestrado de Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Traballo titorizado por M^a Elena Vázquez Abal.

Da escritura como mirada á mirada que escribe. A natureza como alento e sustento do sentido estético, de Sara Plaza Moreno, do Mestrado en Dirección de Actividades Educativas na Natureza. Traballo titorizado por Salvador Cidrás Robles.


O xurado decidiu tamén outorgar mencións para os seguintes traballos:

- *Eco-feminismo: teorías e prácticas transformadoras na converxencia de dúas tradicións críticas*, de Almudena Fuente Blanco, do Mestrado en Igualdade, Xénero e Educación. TFM titorizado por Teresa Moure Pereiro.
- *Resolución de problemas e xeometría: unha proposta didáctica*, de Carlos Franco Sanmartín, do Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Titorizado por Belén Rodríguez Raposo.

e) Enxeñaría

Enfoque conxunto da avaliación de ciclo de vida e da análise envolvente de datos nos criterios de eco-eficiencia da produción acuícola en México, de Cristina Cambeses Franco, do Mestrado en Enxeñaría Química e Bioprocesos. TFM titorizado por Gumersindo Feijoo Costa e María Teresa Moreira Vilar.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2020



A secretaria
Isabel Vaquero



O presidente
Manuel Nández Singala